

XVI CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”

O Centro Cultural «José Domínguez Guizán», de Begonte (Lugo), entidade promotora do *Belén Electrónico de Begonte*, co patrocinio da Consellería de Cultura e Xuventude da Xunta de Galicia, e co fin de potencia-lo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o *XVI CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL»* dacordo coas seguintes bases:

A.—Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algúun traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e —en xeral— ó Nadal en Galicia.

B.—Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos presentados, dotados con:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.— 50.000 pts. e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO.— 25.000 pts. e estatuíña de Sargadelos.

C.—O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e dous, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D.—A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan consta-los datos persoais do autor.

BEGONTE, NADAL de 1991.

BASES